

A intelixencia artificial na educación

5. Apectos a ter en conta no uso da IA na aula

Antes de comezar a usar a IA no ámbito educativo cómpre ter en conta certos aspectos relacionados cos principios fundamentais do seu uso. Ademais, recomendamos a lectura dos documentos [Marco de competencias en IA para profesorado](#) e [Marco de competencias en IA para estudantes](#), publicados en 2024 pola UNESCO e nos que se presentan as habilidades que debemos adquirir para o uso adecuado da IA no ámbito educativo.

- ▶ **Informar e analizar a confiabilidade e a eficacia das ferramentas IA que se empreguen na aula**

- ▶ **Garantizar e preservar a privacidade, a seguridade e a protección dos datos, cumprindo a normativa vixente**

- ▶ **Garantizar a inclusión dixital, a equidade e a non discriminación**

- ▶ **Seguimento e avaliación: analizar o progreso e as áreas de mellora**

▼ **Selección das actividades nas que o alumnado pode o debe utilizar as ferramentas baseadas na IA**

Selección das actividades nas que o alumnado pode ou debe utilizar as ferramentas baseadas en IA e informar previamente as limitacións do uso, aclarando calquera dúbida que poida xurdir respecto diso. Un hábito recomendable será incluír na programación de aula información relativa ao uso da IA nas actividades dunha materia, ámbito ou área e no curso/nivel en cuestión.

Se o estudante emprega as ferramentas de IA no desenvolvemento de tarefas, é conveniente que anexe unha declaración do uso que fixo das mesmas. Por exemplo, se o estudante extraeu información ou xerou contidos empregando ChatGPT ou outra ferramenta, é recomendable que anexe os datos sobre a ferramenta que utilizou e os datos de entrada (prompt) que introduciu para iso. Aínda que non existe unha normativa definitiva para facelo, os diferentes estilos bibliográficos (APA, chicago, MLA,...) aconsellan facelo, seguindo a súa propia estrutura. Así mesmo, os organismos educativos comezaron a regular as citacións nos traballos creados polo alumnado. Nos seguintes bloques especificanse algunhas das opcións para citar os contidos creados con IA. A continuación, deixamos un exemplo:

"Neste traballo/actividade empreguei OpenAI, GPT-4o mini (versión do 18 de xullo de 2024, <https://chat.openai.com/>) para investigar sobre os biomateriais. As indicacións "prompts" que usei foron os seguintes: Actúa como experto en biotecnoloxía e indícame unha listaxe de características máis importantes dos plásticos biodegradables xerados a partir de materiais orgánicos."

Na seguinte publicación preséntase a proposta de Normas APA (7ª edición) para a citación de materiais e contidos creados con ferramentas de IA. "[Como citar contido xerado por ChatGPT usando Normas APA 7ma Edición](#)", de Normas APA